

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación da listaxe de contratación laboral temporal de condutores-as

Expediente de orixe: 2017/E001/000004

O día 19/06/2017 o Tribunal cualificador do proceso de selección para a elaboración dunha listaxe de contratación temporal de condutores-as (designado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 510/2017, do 07/06/2017) asinou a acta na que se recollían as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes, de maior a menor, segundo o establecido nas bases de selección, aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 399/2017, do 10/05/2017.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO

Aprobar a listaxe definitiva de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes recollida na acta do día 19/06/2017 como válida para a realización das contratacións de carácter temporal de condutores-as, segundo se establecía nas bases de selección, e que se reproduce de seguido:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN	ORDE DE PRELACIÓN
González Castro, Luis Miguel	35472181V	11	1º
Vidal Miguéns, Fernando José	52938202E	10,20	2º

SEGUNDO

A contratación de persoal desta bolsa farase segundo o establecido nas bases de selección:

a) Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, ou fose necesaria a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

b) As persoas integrantes das listas resultantes que, sendo convocadas para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a ela, perderán os seus dereitos quedando excluídas destas. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo realizada pola persoa contratada.

Cando unha das persoas incluídas na lista fose chamada para ocupar o posto, poderase convocar a dita persoa até sumar un período de doce meses ao rematar o período de contratación, e nese intre pasará ao último lugar na lista.

c) Ao realizarse a contratación das persoas aspirantes, requiriráselles que acheguen previamente a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ao posto de traballo.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser

necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc.. utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

TERCEIRO

Contra esta resolución na que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes que integran a bolsa de contratación de condutores-as, poderá interpoñerse potestativamente recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, esta Alcaldía ou o Tribunal cualificador encargado da realización do proceso.

Asemade poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa – Administrativa.

Ambos prazos contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

Rianxo, mércores 2 de agosto de 2017

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo